



# BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

## Concello de Vedra

Xuño 2023 • Nº 279



### XUÑO

| L  | M  | MC | X  | V  | S  | D  |
|----|----|----|----|----|----|----|
|    |    |    | 1  | 2  | 3  | 4  |
| 5  | 6  | 7  | 8  | 9  | 10 | 11 |
| 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
| 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 |
| 26 | 27 | 28 | 29 | 30 |    |    |

### VEDRA FESTEIRA

- **FESTA DE SANTA ISABEL EN SAN FINS:**  
o domingo 4 de xuño.
- **FESTA DO CORPUS EN VEDRA:**  
o domingo 11 de xuño.
- **FESTA DO CORPUS EN ILLOBRE:**  
o domingo 18 de xuño.
- **FESTAS DO VERÁN EN SAN XIÁN:**  
o 24 e 25 de xuño.
- **FESTAS DO SAN PEDRO: EN SAN PEDRO DE VILANOVA**  
o 24 e 25 de xuño.
- **FESTAS DO SAN PEDRO: EN SAN PEDRO DE SARANDÓN**  
o 29 e 30 de xuño e o 2 de xullo.

### XESTIÓN TRIBUTARIA

#### CALENDARIO FISCAL IVTM 2023

- Dende o día 1 de abril e ata o 18 de xullo estarán a disposición dos contribuíntes os recibos en período voluntario do IVTM. Aqueles recibos que se atopen domiciliados serán cargados en conta o día 15 de xuño.

Na páxina web da Deputación da Coruña, concretamente na Oficina Virtual Tributaria (OVT) (<https://ovt.dacoruna.gal>) poderán comprobar os recibos, obter a carta de pago e incluso realizar o pago do imposto. Tamén poderán solicitar a carta de pago no propio concello.

Máis información no teléfono do concello 981 814 612.

### OFICINA DE REXISTRO CL@VE EN VEDRA

- A Oficina de Rexistro Cl@ve é un sistema orientado a unificar e simplificar o acceso electrónico da cidadanía aos servizos públicos.



O seu obxectivo principal é que o cidadán poida identificarse ante as administracións, mediante claves concertadas (usuario máis contrasinal), sen ter que recordar claves diferentes para acceder aos distintos servizos.

Cl@ve complementa os actuais sistemas de acceso mediante DNIe e certificado dixital, e ofrece a posibilidade de realizar sinaturas na nube con certificados persoais custodiados en servidores remotos.

Previamente á utilización do sistema Cl@ve cómpre rexistrarse no mesmo, achegando os datos de carácter persoal necesarios.

Este rexistro pode facerse:

- A través de internet sen certificado electrónico (este tipo de rexistro é de nivel básico e non permite o acceso a todos os servizos).
- A través de internet con certificado electrónico ou DNIe.
- De xeito presencial nunha oficina CL@VE. A Secretaría Xeral da Administración Dixital autorizou a este concello para que funcione como Oficina Rexistro Cl@ve.

Para rexistrarse no sistema de xeito presencial a través desta oficina debes solicitar cita previa a través do formulario dispoñible na Sede Electrónica – Outros servizos (<https://sede.vedra.es>)



Festival das Letras Galegas no Centro Sociocultural de Vedra.



Presentación do libro de Ana Valín "La muerte de Alicia (o el ocaso)".



Presentación do libro de Óscar Pazos "A invención da Gallaecia e a minaría do ouro".



Programa de Voluntariado Interxeracional, unha iniciativa que trata de promover accións interxeracionais que fomenten a relación e o intercambio de coñecementos entre distintas xeracións.

## ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Unha das sesións do Proxecto para a Erradicación da *Tradescantia Fluminensis* das Ribeiras do Ulla da Asoc. AMABUL.



Primeira sesión da Escola de Familias da Anpa A Boca do CPI de Vedra.



Presentación do Caderno de Campo Miñoto Ribeiro Peregrinamente da Asociación Raiceiros.



Actuación da AC San Campio en Raigame





33ª Edición da Festa da Orella en San Fins de Sales.



XV Festa do Porco á Brasa en Trobe.

## Educación

### VEDRA MEDRA NO CPI PLURILINGÜE DE VEDRA Pasiño a pasiño imos rematando o Camiño

■ E así é, porque coa saída didáctica de 1.º e 2.º de primaria chegamos á penúltima actuación de “Vexo, vexo Xacobeo”, programa de innovación educativa PROXECTA +.

O venres 12 de maio, 59 rapaces e rapazas fixeron o percorrido entre San Pedro de Vilanova e Lestedo pola Ruta da Prata coas súas profesoras. Esta camiñada acompañouse de actividades no camiño desenvolvidas pola empresa Anacos e as súas monitoras. O concello de Boqueixón colaborou connosco nesta ocasión. **Vedra medra** vai pechando a programación prevista, aínda que este final de curso, lembrarémolo por:

- Saída didáctica a Lourenzá (Lugo) (12 abril)
- Saída á Pontenova (Lugo) (12 abril)
- Letras Galegas 2023. Francisco Fernández del Riego.
- **Vídeo** protagonizado polo alumnado de 1.º ESO A *As cousas de don Paco* no que se realiza a lectura dramatizada da peza de teatro protagonizada polos obxectos que acompañaron ao homenaxeado en distintas etapas da súa vida. Escrita por Eva Mejuto e ilustrada por Lucía Cobo, forma parte da *Primavera das Letras* da RAG.
- **Romaría das Letras**, realízase no campo da festa de Vedra. Tratouse dunha actividade conxunta do centro e na que celebramos as Letras con música e

xogos populares (19 de maio). Contamos co apoio e a colaboración do concello de Vedra.

- Saída didáctica Vía da Prata (1º e 2º de EP) (12 de maio). Realizada.
- Saída didáctica Cachosenande-O Pico Sacro (1º ESO) (24 de maio). Proximamente.

Para ver o resumo de todas estas propostas e estar ao día temos o facebook Vedra medra, a web do CPI de Vedra e a revista dixital Fiadeiro.



## RUTA DENE PRAIA DE LAGO ATA COIDO DO CUÑO O SÁBADO 17 DE XUÑO

■ Horarios e lugares de recollida do servizo de autobús:

- Saída de Mosqueiro ás 7:30 horas.
- Parada en Lestedo ás 7:40 horas.
- Parada no Breixo ás 7:45 horas.
- Parada Hipercor ás 7:55 horas.
- Diante oficina do BNG (antiga estación de buses ás 8:00 horas).

Se nunca viviches esta experiencia e queres facelo podes informarte e inscribirte no:

- teléfono 981 814 691
- ou no enderezo electrónico [cultura@concellodevedra.gal](mailto:cultura@concellodevedra.gal).



## Medio Ambiente

### LOITA CONTRA A VELUTINA

#### TRAMPEO

A captura de raíñas debe efectuarse de febreiro a maio incluído, durante a fase de construción e actividade do niño primario. O mellor lugar onde colocar as trampas é nos camelios, os cales teñen flor entre febreiro e maio e atraen moito as raíñas de velutina.



#### ELABORACIÓN DE ATRAINTES

##### TIPO 1



1/2 litro de auga tépida + 200 gr. de azucre + 5 gr. de fermento de panadería

Disolver os ingredientes e esperar entre 4 e 5 días a que se produza a fermentación (nun recipiente aberto). Utilizar na trampa selectiva e cambiar a mestura cada 8 ou 10 días.

##### TIPO 2



Mesturar todos os ingredientes e utilizar na trampa selectiva, renovando a mestura cada 8 ou 10 días.

#### QUE FACER SE DESCUBRO UN NIÑO DE VELUTINA

Se descubro un niño de velutina debo de seguir os seguintes pasos:

1. Anotar a súa localización coa maior exactitude posible.
2. Avisar chamando ao 012.
3. Manterse afastado e non intentar quitar o niño sen equipos especializados de protección.




#### INFORMACIÓN SOBRE

### CONTROL DA VESPA VELUTINA

#### “AVESPA ASIÁTICA”



Concello de Vedra



Se atopas un niño de velutina  
chama ao 012



## ■ DESCENSO DO ULLA EN PIRAGUAS

- Sábado 8 de xullo.
- Prezo: 25 € (Inclúe, 1 praza en piragua -de 2 pers., chaleco salvavidas e seguro).

Poderán participar os/as maiores de 13 anos con autorización.

Prazas limitadas. Inscricións entre o 12 e o 30 de xuño na web municipal.



## ■ CAMPO DE VOLUNTARIADO

“Visualizando Camiños”

- Do 15 ao 26 de xullo

Neste campo de voluntariado medioambiental e de dinamización farase unha recollida de información arredor dos Camiños de Santiago por boca das persoas maiores dos Concellos de Boqueixón e de Vedra. Tamén se realizará unha campaña de promoción dos camiños de Santiago: Vía da Prata, Miñoto Ribeiro e o Camiño de Inverno, mediante a creación de contidos audiovisuais.

- Idades: de 18 a 30 anos
- Colabora: Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

## ■ GOZA DO ULLA – SENDEIRISMO

- Domingo 6 de agosto /saída ás 10:00 h.
- Ruta de San Xoán da Cova /11,2 Km.

+ información e inscricións en:  
[www.concellodevedra.gal](http://www.concellodevedra.gal)

# Servizos Sociais

## INFORMACIÓN XENÉRICA DO PROGRAMA BÁSICO COMUNITARIO 2023

■ A veciñanza poderá acudir nos días de atención ao público (luns, xoves e venres, de 9:00 a 14:00 horas) a solicitar información e tramitar os seus expedientes. **Dispoñer de cita previa, chamando ao teléfono 981 814 693 facilitará unha mellor organización e atención, polo que se recomenda concertar unha cita.**

### VALORACIÓN, ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO EN MATERIA SOCIAL:

■ Realízase de forma ininterrompida ao longo do ano de forma presencial e telefonicamente. Inclúe tarefas diversas como:

1. Información, orientación e asesoramento.
2. Xestión e tramitación de expedientes.

### SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:

■ É un servizo público de carácter local e básico que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás

persoas no seu domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

Existen dúas modalidades de acceso:

1. Dependencia (SAAD): Persoas que tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención (PIA).
2. Libre concorrencia: Persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, logo da prescrición técnica do profesional de referencia.

### SERVIZO DE EDUCACIÓN DE APOIO FAMILIAR:

■ Integra un conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos ás familias, co obxectivo de previr e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de



maltrato infantil ou calquera outra desprotección, así como promover procesos de cambio que favorezan un adecuado exercicio das responsabilidades familiares, a mellora da autonomía, da integración e da participación social das familias e unidades de convivencia.

## PROGRAMA BÁSICO DE INSERCIÓN SOCIAL:

■ Este programa procura valorar, dar resposta ou derivar ao recurso máis idóneo ás persoas en situación ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo como prestación económicas específicas. Require en todo caso valoración técnica da idoneidade e necesidade. As axudas poden ser dos seguintes tipos:

1. Necesidades básicas de alimento e vestido.
2. Gastos derivados da atención sanitaria non cubertos pola Seguridade Social.
3. Accesibilidade e mantemento da habitabilidade.
4. Outra tipoloxía.

## PROGRAMA DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA:

■ A través da escola infantil municipal, que admite menores entre os 3 meses e os 3 anos de idade. Conta con 4 aulas e está xestionado de forma indirecta a través dun contrato de servizos.

O prazo ordinario de inscrición realízase cada ano entre o 16 e o 31 de marzo. As solicitudes presentadas fóra desas datas só son atendidas nos casos previstos no regulamento da EIM.



Deputación  
DA CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE DERECHOS SOCIALES  
Y AGENDA 2030

## INFORMACIÓN DE INTERESE SOBRE A EIM NO CURSO 23/24

■ A inicios deste mes de xuño publicarase a listaxe **DEFINITIVA** de persoas admitidas e excluídas na escola infantil municipal de Vedra para o vindeiro curso 2023/2024.

A publicación realízase no taboleiro de anuncios electrónico do concello de Vedra (<https://sede.vedra.es/sxc/gl/informacion/>), na páxina web municipal e na propia escola.

**NON** se efectuarán notificacións individuais, polo que é preciso atender á publicación das listaxes no taboleiro de anuncios electrónico, na páxina web municipal e na propia escola.

**Alumnado de RENOVACIÓN:** Soamente deberá comprobar que está incluído na listaxe. Non será preciso realizar ningún trámite adicional.

**Alumnado de NOVO INGRESO:** Os proxenitores deberán aceptar a praza concedida unha vez se publique a listaxe. Disporán dun prazo de **15 días NATURAIS** a contar dende a data de publicación para confirmar a súa praza e formalizar a matrícula, presentando no Rexistro Xeral ou na Sede Electrónica do Concello a seguinte documentación:

- Formulario de aceptación da praza (estará dispoñible nos lugares de publicación da listaxe)
- 4 fotos tamaño carné do/a menor

- Certificado médico do/a menor
- Copia da tarxeta sanitaria do/a menor
- Cartilla de vacinación actualizada do/a menor

Unha vez finalizado o período de matrícula, se esta non fose formalizada ou entregada toda a documentación sinalada no apartado anterior, decaerá o dereito á praza obtida e tampouco quedará en listaxe de agarda, procedéndose ao arquivo do expediente.

**NON** se admitirán aceptacións de prazas concedidas ata a publicación da listaxe **DEFINITIVA**. Esta publicación terá lugar na primeira semana do mes de xuño.

Para máis información:

- Departamento de servizos sociais comunitarios do Concello de Vedra: 981 814 693 ou 981 814 612 (opción 1).
- Regulamento de réxime interno da EIM: [https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2020/02/21/2020\\_0000001370.pdf](https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2020/02/21/2020_0000001370.pdf)
- Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de EIM: [https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2021/02/24/2021\\_0000001361.pdf](https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2021/02/24/2021_0000001361.pdf)



## ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

### ■ Excursión á comarca de Valdeorras

Mércores 7 de xuño.

Prezo: 30 € (Inclúe transporte, visitas e comida) -prazas limitadas-

(O prazo de inscrición ábrese o 22 de maio ás 17:00 h. no Centro Social. As prazas e número de asento adxudicaránse por rigorosa orde de inscrición).

### ■ Bingo especial de verán

Xoves 8 de xuño ás 21:00 h.

### ■ Teatro: "A Conexión Augardente". Grupo de Teatro de Maiores do Centro Social de Vedra

Venres 16 de xuño ás 21:00 h.

### ■ Baile-Sardiñada de San Xoán

Sábado 17 de xuño ás 20:00 h.

Haberá música, festa e sardi-



ñada!! Para asistir á sardiñada é preciso retirar un ticket que ten un custo de 10 €/participante (Menú: sardiñas, churrasco e sobremesa).

Para a retirada de tickets dirixirse ao Centro Social entre o 29 de maio e o 13 de xuño.

### ■ Clausura-fin de curso actividades

Xoves 22 de xuño ás 20:00 h.

(As persoas interesadas en participar na clausura de fin de curso, deberán anotarse na cafetería do Centro Social ata o 20 de xuño)

## BOLSAS E AXUDAS PARA O ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

■ O Ministerio de Educación ten aberto o prazo para facer a solicitudes das bolsas **dende o 8 de maio ao 20 de setembro de 2023.**

As bolsas e axudas para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo inclúen as seguintes modalidades:

**a)** Axudas directas para os alumnos, incluíndo **ao alumnado con TDAH (Trastorno por déficit de atención por hiperactividade) e o alumnado con TEA (Trastorno do espectro autista)**, que requiran por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, **determinados apoios e atencións educativas específicas** derivadas de discapacidade, de trastornos graves de conduta ou de trastornos graves da comunicación e da linguaxe asociados a necesidades educativas especiais.

**b)** Subsidios por **necesidades educativas especiais** derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta ou trastornos graves da comunicación e da linguaxe asociada a necesidades educativas especiais para familias numerosas. Ta-

mén poderán ser beneficiarios destes subsidios os alumnos con TEA, pertencentes a familias numerosas.

**c)** Axudas para programas específicos complementarios á educación regrada para alumnado con necesidade específica de apoio educativo asociado a **altas capacidades intelectuais.**

**d)** Subsidio de contía fixa para **gastos adicionais de carácter xeral** derivados da escolarización dos alumnos con necesidade específica de apoio educativo asociada a discapacidade, trastornos graves de conduta ou trastornos graves da comunicación e da linguaxe. Tamén poderá ser beneficiario o alumnado con TEA que requira estes apoios e atencións educativas específicas e o alumnado con necesidade específica de apoio educativo asociado a altas capacidades intelectuais.

Máis información:

- Páxina web do Ministerio de Educación:
- BOE núm. 99, do 26 de abril de 2023 (convocatoria).



## LUDETECA MUNICIPAL

■ A ludoteca ten como obxectivos proporcionar á infancia vedresa, espazos lúdico/educativos adecuados para favorecer o crecemento persoal, a adquisición de valores, hábitos, habilidades, a súa socialización e o desenvolvemento das súas capacidades.

Desenvólvense programas de actividades baseadas na aprendizaxe por medio do xogo, a vivencia de experiencias novas, o desenvolvemento de talleres, de dinámicas de grupo, etc. características da educación no tempo libre.

Con esta intención, propoñemos os seguintes obradoiros e actividades para este mes:

- Xogando en valores: Contacontos
- Experimentos divertidos
- "Mr/s. Manitas"
- Compañeiros/as de xogo: Xogos reunidos.
- Superchef

Do 23 ao 30 de xuño Xogos do mundo, de grupo e de coñecemento.

Do 23 ao 30 de xuño o horario será o de 8:30 a 14:30 h. coma nos meses de xullo e agosto.

A partir do día 15 DE XUÑO ata o 15 DE XULLO poderase facer a inscrición para o servizo de madrugadores e ludoteca durante o curso. É importante que as persoas que queiran que os/as menores acudan á ludoteca no mes de setembro, o fagan neste prazo.



XUNTA DE GALICIA



CORRESPONSABLES



Concello de Vedra

## Muller

### MULLERES + 2023". Programa da promoción do empoderamento persoal e autocoidado para mulleres no concello de Vedra.

■ Esta acción formativa pretende que as mulleres vaian adquirindo coñecementos e ferramentas que van destinadas ao coñecemento e adquisición de novas capacidades da informática, que lles permita, entre outros aspectos, poder acceder ao mercado laboral e a desenvolverse autonomamente nas xestións da vida cotiá.



Programa MULLERES+, programa para a promoción da igualdade e autonomía e prevención da violencia de xénero.

O programa articúlase en torno aos seguintes obxectivos xenéricos:

- Potenciación das propias capacidades
- Empoderamento e participación comunitaria
- Mellora da calidade de vida
- Igualdade e exercicio de dereitos

O programa Muller+ ten como obxectivo a mellora das habilidades sociais, autoconceito, autoxestión e exercicio de dereitos e a participación de mulleres





en situación de vulnerabilidade. A organización en bloques temáticos conta coa flexibilidade suficiente para, por unha parte, dar resposta ás necesidades comúns das mulleres participantes, e polo outro, atender ás peculiaridades de cada unha delas, superando así unha estrutura ríxida de tipo “curricular” para configurarse máis coma unha estrutura de apoios ao desenvolvemento e crecemento persoal.

**O CURSO É GRATUITO E EN SETEMBRO VOLVEMOS!!**

#### Para máis información:

carmen.sabio@concellodevedra.com  
teléfono 699 041 486 ou 981 814 693, de 9:00 a 14:00 horas.



## VEDRA EN CONTRA DA VIOLENCIA DE XÉNERO

### ■ LEMBRA!!!

As vítimas de violencia de xénero teñen dereito a asistencia social integral que inclúe servizos sociais de atención, de emerxencia, de apoio e acollida e de recuperación integral, que han de responder aos principios de atención permanente, actuación urxente, especialización de prestacións e varias disciplinas profesionais. A finalidade destes servizos é dar cobertura ás necesidades derivadas da situación de violencia, restaurar a situación na que se atopaba a vítima antes de padecela ou, polo menos, paliar os seus efectos.

- **Servizos Sociais Comunitarios do concello de Vedra de luns a venres de 8:00 a 15:00 horas.**
- **CIM, centro de información á muller:**
  - **Atención xurídica: venres de 8:00 a 15:00 h.**
  - **Atención psicolóxica: martes de 8:00 a 15:00 h.**
- **TELÉFONO 981 814 693**

A través dos mesmos faise posible que as mulleres:

- Reciban asesoramento sobre as actuacións que poden emprender e os seus dereitos.
- Coñezan os servizos aos que poden dirixirse para solicitar asistencia material, médica, psicolóxica e social.
- Accedan aos diferentes recursos de aloxamento (emerxencia, acollida temporal, centros tutelados, etc.) nos que está garantida a súa seguridade e cubertas as súas necesidades básicas.
- Recuperen a súa saúde física e/ou psicolóxica.
- O dereito á asistencia social integral recoñécese-lles tamén aos menores que viven en contornas familiares onde existe violencia de xénero.

Outros recursos:

**Teléfono 016 - 016 online**

O Ministerio de Igualdade, por medio da Delegación

do Goberno contra a Violencia de Xénero, presta o Servizo telefónico de información, de asesoramento xurídico e de atención psicosocial inmediata por persoal especializado a todas as formas de violencia contra as mulleres, a través do número telefónico de marcación abreviada 016; por WhatsApp no número **600 000 016** e por correo electrónico ao servizo 016 online: 016-online@igualdad.gob.es.

### O Teléfono da Muller: 900 400 273

É un servizo gratuíto e anónimo que funciona as 24 horas do día, desde calquera teléfono fixo ou móbil, e con cobertura para toda a Comunidade Autónoma. Responde nel un equipo multidisciplinario coordinado con diferentes profesionais de toda Galicia.

### Para que se puxo en marcha?

Fundamentalmente cos obxectivos de:

- Facilitar información sobre cuestións xurídicas, psicolóxicas, laborais, educativas, recursos e servizos para mulleres e calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade das mulleres que de forma individualizada o soliciten.
- Prestar servizos de información e asesoramento ás mulleres sobre os recursos existentes en prevención da violencia e axuda integral ás vítimas.

### Sobre que cuestións te podes informar?

Ten por finalidade informar e asesorar sobre cuestións relacionadas coas seguintes materias:

- Separacións, divorcios, abandonos do fogar, sentenzas incumpridas...
- Malos tratos, vexacións, ameazas, agresións sexuais, acoso sexual...
- Cursos ocupacionais, oposicións, bolsas de emprego, creación de empresas...

- Discriminación laboral, permisos de maternidade e paternidade, apoio á contratación...
- Servizos sociais, casas de acollida, centros de información á muller, programas para mulleres desfavorecidas, gabinetes de orientación familiar...
- Educación para a igualdade, materiais didácticos non sexistas, publicidade discriminatoria para coas mulleres...
- Apoio ao asociacionismo, xornadas, seminarios, subvencións a asociacións, publicacións...

- Políticas de igualdade, proxectos europeos, actuacións de medidas doutros organismos de igualdade...



## Iniciativas das Asociacións

### CAMPAMENTOS ASOCIATIVOS PARA AS MAÑÁNS DESTE VERÁN EN VEDRA

● ANPA ORTIGUEIRA

# ACAMPARTE

PIONEIRAS

MES XULLO 2023

DE 10 A 14 HORAS  
CONSULTA SERVIZO CONCILIACIÓN A PARTIR DAS 8 H

CEIP ORTIGUEIRA.  
CONCELLO DE VEDRA

inacos

# ESCOLA AMBIENTAL AMABUL

CASA DAS ARTES DE SAN FINS (VEDRA)

**CAMPAMENTO BENXAMÍN**  
(Nenas/os nadas/os entre 2017 e 2019)

**CAMPAMENTO INFANTIL**  
(Nenas/os nadas/os entre 2011 e 2016)

**CAMPAMENTO XUVENIL**  
(Mozas/os nadas/os antes de 2011)

**Quenda xullo**  
(mes completo ou quincenas naturais)

**Quenda agosto**  
(mes completo ou quincenas naturais)

**ACTIVIDADES:**  
Excursións todas as semanas  
Saídas á praia  
Actividades deportivas e piscina  
Rutas de sendeirismo e en caiaç  
Xogos educativos na natureza  
Actividades de descuberta patrimonial  
Observación e orientación  
Sensibilización ambiental

**PAZAS LIMITADAS  
MAIS INFO E INSCRICIÓN:**  
[www.amabul.org](http://www.amabul.org)

AMABUL programa de capacitación ambiental

ASOCIACIÓN AMABUL ama a biodiversidade ulla

Concello de Vedra

# III CAMPUS DEPORTIVO CLUB OLÍMPICO DE VEDRA

DO 3 Ó 28 DE XULLO  
DE 10:00 A 14:00H  
NADOS 2007 A 2016

[OLIMPICODEVEDRA@HOTMAIL.COM](mailto:OLIMPICODEVEDRA@HOTMAIL.COM) / 621017384

-OPCIÓN DE MES COMPLETO/QUINCENA  
-DESCONTOS PARA O 2º IRMÁN/IRMÁ  
-DESCONTOS PARA DEPORTISTAS CLUB TEMPADA 2023 (DESPRAZAMENTOS EN BUS NON INCLUIDOS)  
-PAZAS LIMITADAS! ASIGNADAS POR ORDE INSCRICIÓN  
-ACTIVIDADES MULTIDEPORTE  
-SORPRESA DE BENVIDA, BUSQUEDA DO TESOURO, PISCINA, RUTAS RÍO ULLA, UN DÍA NA PRAIA, RUTA/ANDAÍNA CON PERNOCTA; E MAIS, MOITO MAIS...

Patrocinadores e colaboradores do Club

OLIMPIO

Concello de Vedra

FAI A TÚA RESERVA DE PAZA.  
ENLACES NAS NOSAS REDES SOCIAIS  
ACTIVIDADE DE PROMOCIÓN DO CLUB OLÍMPICO DE VEDRA



# Iniciativas das Asociacións

## FESTIVAL FIN DE CURSO DA ESCOLA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA

■ Venres 9 de xuño ás 20:00 h. na Casa da Cultura de Santa Cruz.



## AUDICIÓNS EN FAMILIA DA ESCOLA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA

■ Os 15 e 16 de xuño ás 19:30 h. na Casa da Cultura de Santa Cruz.



## FIN DE CURSO DA AULA DE TEATRO A.C. PAPAVENTOS, 11 DE XUÑO



## RÍOS DE VIDA O 10 DE XUÑO COA ASOCIACIÓN AMABUL

■ Unha nova aposta da Escola Ambiental AMABUL que se desenvolve durante todo o ano.



## DÍA DA BICICLETA COA ASOCIACIÓN RIBADOULLA O 11 DE XUÑO



# Iniciativas das Asociacións



## XVII RUTA CABALAR RÍO PEREIRO O 18 DE XUÑO



### XVII RUTA CABALAR RÍO PEREIRO

**domingo 18 XUÑO 2023**

#### San Fíns de Sales - Vedra

09:30 h. Almorzo  
10:00 h. Saída Ruta (puntuales)  
Parada na metade da Ruta con pinchos Gratis  
14:30 h. Comida na carballeira do Souto.  
Sobremesa con sorteos e música

**XANTAR:**  
PULPO Á FEIRA  
CHURRASCO MIXTO  
PATACAS E ENSALDA  
POSTRE, CAFÉ  
**35€**

**MENÚ INFANTIL:**  
MENORES DE 14 ANOS  
**20€**

**Venda de Entradas no**  
Fogar do Avó (A Susana)  
ou nos 606 80 80 57  
648 44 32 57 (Marcos)  
Data límite venda de entradas  
Xoves 15 de Xuño

**NON SE VENDEN ENTRADAS  
O DÍA DA RUTA**

CADA XINETE FARASE CARGO DOS DANOS  
OCASIONADOS POLO SEU CABALO

**BARRA CON PREZOS POPULARES**

## Parabéns



### AO EQUIPO DE FÚTBOL XUVENIL DA ESCOLA DEPORTIVA DE VEDRA

■ Que despois de converterse en campión da Liga Xuvenil Segunda Galicia Santiago Grupo 3, agora conseguiu o seu ascenso á Primeira.

NORABOA!!!



## A XANELA DA LINGUA...

### O GALEGO NO MUNDO ... DIXITAL

■ Por número de falantes o galego ocupa o lugar 160 entre as 5.500 linguas do mundo, o lugar 23 entre as 150 linguas europeas e é a segunda lingua europea máis falada entre as non oficiais en ningún estado. O galego ten máis falantes que algunhas linguas oficiais europeas como eslovaco, esloveno, maltés, islandés e gaélico e, xunto con vasco e catalán, son as tres únicas linguas europeas non oficiais de estados que poden ser utilizadas nas institucións da Unión Europea.

Ademais o galego é lingua de uso nas aplicacións máis utilizadas na rede: navegadores como Firefox, Chrome ou Edge; os buscadores Google ou Bing; as

redes sociais Facebook e Tuenti; os xestores de contidos Wordpress ou Xoops. Tamén funcionan en galego distintos tradutores e aplicacións comerciais e de software libre.

O galego encóntrase entre as 30 linguas máis usadas na internet no mundo, por diante de linguas que o triplican ou quintuplican en número de falantes. No que atinxe á Wikipedia, atendendo á calidade, a Galipedia ocupa o posto número 36; segundo o número de artigos, o número 43 -tendo en conta que non se empregan robots para a edición, mentres outras linguas si o fan- e, por último, ocupa o posto 33, segundo o número de artigos por número de falantes.

**PUBLICA A TÚA PROPOSTA!!** Se pertences a calquera dos colectivos asociativos de Vedra e queres que a túa actividade saia publicada no boletín, simplemente escríbeno a [cultura@concellodevedra.gal](mailto:cultura@concellodevedra.gal) ou chama ao 981 814 691. A DATA LÍMITE É O 20 DE CADA MES!!